

REGULAMENTO

II San Silvestre CONCELLO DE CERCEDA

O Clube Deportivo OCR CERCEDA co patrocinio do CONCELLO DE CERCEDA organiza o domingo 4 de Xaneiro do 2026 a II SAN SILVESTRE CONCELLO DE CERCEDA . A continuación detallamos o regulamento da proba:

REGULAMENTO:

1- A saída e chegada das probas serán no CAMPO DA FEIRA.

2- O percorrido será completamente urbano con bo firme.

3- A competición será cronometrada pola empresa Championchipnorte que se encargará dos resultados.

Todos os/as atletas deberán levar Nun lugar ben visible o dorsal-chip que lle proporcionará a organización.

4- Contaremos con avituallamento na meta.

5- Os/as participantes deberán recoller o dorsal para poder participar na proba. Este será entregado o día da proba no lugar de Saída/Meta dende ás 10:00 da maña ata 20 minutos antes do inicio de cada unha das categorías.

* Para recoller a bolsa doutro participante será imprescindible acudir coa fotocopia do DNI deste.

6- A inscrición na proba farase a través da web championchipnorte.com antes do día 28 de Decembro, requisito imprescindible para participar na proba sexa cal sexa a categoría.

Datas de inscrición e prezos en cada disciplina:

- Infantís (SILVESTRIÑOS E ASILVESTRADOS): GRATUITO

- Silvestres (+15 anos en adiante): 3€

7- Categorias:

As categorías fíxanse en función do ano de nacemento dos participantes.

- SILVESTRIÑOS.....: DE 0 A 9 ANOS incluídos
- ASILVESTRADOS.....: DE 10 A 14 ANOS incluídos
- ABSOLUTA.....: DE 15 ANOS EN ADIANTE

Distancias e horarios: (As distancias son aproximadas)

SILVESTRIÑOS.....: 250M

ASILVESTRADOS.....: 500M

ABSOLUTA.....: 4.7Km

Os **horarios** establecidos son os seguintes:

ABSOLUTA.....: 11.30H

SILVESTRIÑOS.....: 12.45H.

ASILVESTRADOS.....: 12.45H.

As categorías infantís teñen un horario aproximado, comezarán pouco despois da chegada dos últimos corredores absolutos.

9- Premios e trofeos: - O pódium estará ubicado no CAMPO DA FEIRA.

- As categorías SILVESTRIÑO E ASILVESTRADO non terán clasificación final segundo o espírito festivo e non competitivo da proba.

- Agasallo para todos e todas os/as atletas nas categorías infantís na chegada dos/as participantes a meta.

- TROFEO e detalles para @s 3 primeir@s clasificad@s na categoría absoluta masculina
e feminina.

-TROFEO e detalles para @s 3 primeir@s clasificad@s locais,

-TROFEO e detalles para o mellor disfraz

11-As reclamacións faránse ao director da proba non máis tarde de 30 minutos tras a publicación dos resultados.

12-A proba conta cos servizos médicos regulamentarios.

14- Calquer corredor que teña un comportamento que vaia en contra do espírito da deportividade, presente malos modos con outros participantes, voluntarios, membros da organización ou público en xeral pode ser descualificado inmediatamente. 15-Cada

corredor acepta as normas da proba polo mero feito de inscribirse e tamén participa baixo a súa enteira responsabilidade, afirma ter un nivel de condición física suficiente para afrontar a proba e que pasou os pertinentes recoñecementos de saúde. A organización e empresas colaboradoras non se fan responsables de calquera lesión ou padecemento por imprudencia, neglixencia ou falla de forma física do participante. O participante exime de toda responsabilidade a organización que puidera derivar da súa participación no evento (pérdida de obxectos persoais, roubo, lesión, atropelos, agresións...)

16-No referente á Lei Órganica de Protección de Datos: Tódolos corredores inscritos no evento aceptan a publicación do seu nome e posibles imaxes nas clasificacións, medios de comunicación e internet, páxina web do evento, de empresas colaboradoras, foros deportivos, etc...

17- A organización reserva o dereito de modificar este regulamento se considera que as circunstancias excepcionais da proba o esixen.

PERCORRIDO 4.7KM

